

## SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 23 DE XULLO DE 2019

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día vinte e tres de xullo de dous mil dezanove, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo do ano que andamos: Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei.

Non asisten e presentan escusa dona Elisa Pestonit Barreiros e don Daniel Mallo Castro.

Faise constar que asisten á sesión dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial dos servizo de Cultura, incluído na Área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parcero Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examínanse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

### **1º.- Aprobación, se procede, dos borradores das actas da sesión de constitución de data 5 de xullo de 2019 e sesión extraordinaria e urxente do día 12 de xullo de 2019**

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión de constitución da Xunta de Goberno Local de data 5 de xullo de 2019 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Óscar A. García Patiño, don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local de data 12 de xullo de 2019 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros que asistiron á citada sesión e están hoxe presentes (don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguñedo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Maria Dolores Pan Lesta e don Diego Alcantarilla Rei) aprobou o citado borrador.

## 2º.- Toma de coñecemento da Resolución da Alcaldía número 1457/2019, do día 17 de xullo de 2019, respecto da fixación de día e hora de celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados da Resolución de Alcaldía núm. 1457/2019, do 17 de xullo, que se transcribe literalmente a continuación:

“Mediante Resolución núm. 1315/2019, do 1 de xullo, designei aos sete concelleiros que, xunto co alcalde, integran a Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre.

Segundo se informa pola Secretaría municipal, a citada resolución foi notificada persoalmente aos designados o día 4 de xullo de 2019, constando na propia notificación a aceptación con igual data.

Con data 5 de xullo actual quedou constituída a Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre.

O artigo 132.2 parágrafo segundo do Regulamento orgánico municipal establece que a Comisión, para exercer as súas competencias resolutorias, realizará sesións ordinarias coa periodicidade determinada polo Pleno da Corporación e, como mínimo, cada 15 días.

O Pleno da Corporación, en sesión extraordinaria de data 8 de xullo de 2019, acordou que a Xunta de Goberno Local se reúna en sesión ordinaria unha vez por semana.

O artigo 132.2 e 3 establecen que corresponde ao alcalde fixar, mediante a correspondente resolución, o día e hora na que se debe realizar a sesión ordinaria, en tanto que as sesións extraordinarias e as urxentes terán lugar cando con tal carácter sexan convocadas polo alcalde.

Igualmente, o alcalde poderá reunir en calquera momento á Xunta de Goberno Local cando considere necesario coñecer o seu parecer ou pedir a súa asistencia con anterioridade a ditar resolucións no exercicio das atribucións que lle corresponden.

De conformidade co disposto na alínea 5 do mesmo artigo “... as sesións da Xunta de Goberno Local poderán ter carácter mixto, é dicir, **poderán ser resolutivas e deliberantes ou de asistencia**. Para tal efecto, o alcalde poderá introducir como último punto da orde do día, nas sesións ordinarias, o de “ditames da Xunta de Goberno Local”.

En canto ás competencias da Xunta de Goberno Local, o artigo 71 do Regulamento orgánico municipal, en concordancia co artigo 23.2 a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, e o artigo 65.2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, establece:

“Correspóndelle á Comisión de Goberno:

- a) *A asistencia ao alcalde no exercicio das súas atribucións. É unha atribución propia e indelegable. Para tal fin, a Comisión de Goberno será informada de todas as decisións do alcalde. Esta información terá carácter previo á adopción da decisión sempre que a importancia do asunto así o requira*
- b) *As atribucións que o alcalde ou o Pleno lle deleguen ou lle atribúan as leis”*

A este respecto hai que ter en conta que por Resolución desta Alcaldía núm. 1324/2019, do 1 de xullo, deleguei na Xunta de Goberno Local competencias en materia de contratación que a lei atribúe ao alcalde, e por Resolución núm. 1323/2019, da mesma data, conferín delegacións xenéricas a prol dos tenentes de alcalde nos termos previstos no artigo 48 do Regulamento orgánico municipal, polo que a Xunta de Goberno Local non só deberá ser convocada para tratar os temas relativos aos expedientes de contratación que se incoen en virtude das competencias delegadas, senón tamén para a toma de coñecemento das resolucións ditadas polos concelleiros e concelleiras delegados de área, para os efectos de que esta Alcaldía estea debidamente informada de todas as resolucións que se diten en relación coas competencias delegadas.

Tendo en conta canto antecede, no uso das atribucións que me confire o artigo 21.1.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e artigo 132.2, parágrafo 2º do Regulamento orgánico municipal, **RESOLVO:**

**Primeiro:** A Xunta de Goberno Local reunirse en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, os martes ás 09:00 horas, no despacho da Alcaldía da casa do concello.

**Segundo:** Para a válida constitución da Xunta de Goberno Local requírese a asistencia da maioría absoluta dos seus compoñentes, polo que de non existir quórum, constituirase en segunda convocatoria, unha hora despois, é dicir, ás 10:00 horas, sendo suficiente a asistencia da terceira parte dos seus membros e, en todo caso, un número non inferior a tres.

**Terceiro:** Sendo preceptiva a notificación aos concelleiros da convocatoria e ordes do día das sesións, a notificación aos concelleiros enténdese practicada cos xustificantes da remisión dos correos electrónicos, copia da notificación efectuada, e coa pertinente confirmación de lectura que deberán efectuar os concelleiros (artigos 98 e 133 do ROM).

**Cuarto:** Notifíquese aos señores concelleiros integrantes da Xunta de Goberno Local para os efectos oportunos."

### 3º.- Boletíns e correspondencia

- Decreto 81/2019, do 27 de xuño, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, polo que se determinan as festas da Comunidade Autónoma de Galicia do calendario laboral para o ano 2020. (Diario Oficial de Galicia número 132, do 12 de xullo de 2019).

- Orde do 24 de xuño de 2019, da Consellería de Política Social, pola que se regulan as bases das subvencións para entidades de acción voluntaria e entidades locais enmarcadas no programa Servizo de voluntariado xuvenil, e se procede á súa convocatoria para o ano 2019. (Diario Oficial de Galicia número 126, do 4 de xullo de 2019).

- Resolución do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa FO221: convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para o apoio ao desenvolvemento de festivais audiovisuais,

musicais e de artes escénicas na provincia da Coruña, durante o ano 2019. Figura como beneficiario o Concello de Cambre co obxecto "Rock in Cambre 2019", cun importe de subvención de 45.500,00 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 109, do 11 de xuño de 2019).

- Resolución do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa FO206: convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para o mantemento ou creación de postos de traballo de persoal técnico nos servizos municipais de cultura en 2019. Figura como beneficiario o Concello de Cambre co obxecto "Mantemento do persoal técnico en xestión cultural", cun importe de subvención de 15.000,00 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 113, do 17 de xuño de 2019).

- Resolución do Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes. Sección de Educación, Cultura e Deportes da excma. Deputación provincial da Coruña, pola que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondentes ao programa FO216: convocatoria do programa de subvencións a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación, durante o ano 2019. Figura como beneficiario o Concello de Cambre co obxecto "Persoal técnico de atención de Museo 2019", cun importe de subvención de 11.500,00 euros. (Boletín Oficial da Provincia número 113, do 17 de xuño de 2019).

- Orde do 7 de xuño de 2019, da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a posta en práctica de programas integrados de emprego de Galicia, e se convocan para o ano 2019 (código de procedemento TR332A). (Diario Oficial de Galicia número 116, do 20 de xuño de 2019).

- Resolución do 6 de xuño de 2019, da Secretaría Xeral da Igualdade, Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se resolven as subvencións previstas na Resolución do 28 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases reguladoras das subvencións ás entidades locais da Comunidade Autónoma de Galicia para a promoción da igualdade, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, cofinanciadas polo Fondo Social Europeo (FSE) con cargo ao programa operativo FSE Galicia 2014-2020 e polo Pacto de Estado contra a violencia de xénero, e se procede á súa convocatoria no ano 2019 (códigos de procedemento SI435B, SI435A, SI427B e SI435C). Figura o Concello de Cambre do seguinte xeito:

- b) programa de promoción da igualdade e de prevención e tratamento da violencia de xénero (SI435A), coa actuación Programa Anainar III, concesión 4.307,10 euros.

- d) programa de sensibilización, información e difusión sobre igualdade e prevención da violencia contra as mulleres (SI435C), importe concesión 8.000 euros.

- no anexo II lista de agarda, a) programa de fomento da conciliación da vida persoal, laboral e familiar (SI435B), coa actuación Concilia Cambre, importe 12.000 euros. (Diario Oficial de Galicia número 116, do 20 de xuño de 2019).

- Resolución do 14 de xuño de 2019, do Instituto Galego da Vivenda e Solo, pola que se convoca, para a anualidade de 2019, o acceso ao Fondo de cooperación para o apoio ao financiamento de actuacións de rehabilitación e conservación do patrimonio construído en concellos de menos de 50.000 habitantes (código de procedemento VI438A). (Diario Oficial de Galicia número 118, do 24 de xuño de 2019).

- Resolución do 26 de xuño de 2019, da Secretaría Xeral de Emprego, Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 9 de maio de 2017 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións dirixidas a entidades locais para a contratación temporal de persoas en situación ou risco de exclusión social perceptoras da renda de integración social de Galicia (Risga), e se aproba a convocatoria para o ano 2017 (Diario Oficial de Galicia número 96, do 22 de maio). Figura como entidade beneficiaria o Concello de Cambre cun importe concedido de 44.524,55 euros. (Diario Oficial de Galicia número 131, do 11 de xullo de 2019).

- Resolución do 26 de xuño de 2019, da Secretaría Xeral de Emprego, Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 11 de setembro de 2017 pola que se convocan subvencións no ámbito de colaboración coas entidades locais para a contratación de axentes de emprego e desenvolvemento local para o exercicio 2017 (Diario Oficial de Galicia número 183, do 26 de setembro). Figura como entidade beneficiaria o Concello de Cambre cun importe concedido de 14.573,00 euros. (Diario Oficial de Galicia número 131, do 11 de xullo de 2019).

- Resolución do 2 de xullo de 2019, da Secretaría Xeral de Política Lingüística, Consellería de Cultura e Turismo, pola que se establecen subvencións ás entidades locais de Galicia para a promoción do uso da lingua galega, ao abeiro da convocatoria regulada na Orde do 15 de marzo de 2019. ). Figura como entidade beneficiaria o Concello de Cambre coa modalidade mantemento dun servizo lingüístico, cun importe de 2.208,00 euros. (Diario Oficial de Galicia número 132, do 12 de xullo de 2019).

**4º.- Proposta de ratificación da Resolución de Alcaldía nº 1454/2019 de data 17 de xullo de 2019, pola que se acorda a devolución da garantía definitiva, por importe de 5.300,00 euros, á entidade “Galicia Vella de Inversiones y Logística, S.L.”, depositada mediante aval bancario para garantir a “Producción e contratación artística do XXVII Festival “Rock in Cambre 2018”. Expediente: 2018/C004/000008**

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 18 de xullo de 2019 que literalmente se transcribe a continuación:

“Vista a Resolución de Alcaldía nº 1454/2019 dictada con data do 17 de xullo de 2019, que literalmente se transcribe a seguir:

*“Visto o escrito presentado por don Armando Lema Suárez, co DNI nº 32.752.020-C, en representación da entidade “Galicia Vella de Inversiones y Logística, S.L.”, e domicilio na rúa Jubias de Arriba, nº 84 15006 – A Coruña, rexistrado de entrada ao número 0/805, con data 5 de febreiro de 2019, no que solicita se lle devolva a garantía definitiva depositada mediante aval*



bancario nº 180235 da entidade "Banco Caixa Xeral S.A.", de data 05/07/2018 e importe de 5.300,00 euros, depositado na Tesourería municipal o día 18/07/2018 para garantir a execución do contrato denominado "Producción e contratación artística do XXVII Festival "Rock in Cambre 2018", (Exp. nº 2018/C004/000008).

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfatoriamente o contrato sen que, por outra banda, o concello fixese ningunha obxección ou reparo, esto segundo informe favorable emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas, responsable do contrato, coa data do 7 de febreiro de 2019.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 24 de maio de 2019.

Vista a proposta da concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 15 de xullo de 2019.

Tendo en conta o establecido no artigo 311.5 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se transpóñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consejo 2014/23 UE e 2014/24/UE do 26 de febreiro de 2014.

Tendo en conta que a empresa solicitante foi proposta como adxudicataria do expediente nº 2019/C004/000014 para contratación da Producción e contratación artística do XXVIII Festival "Rock in Cambre 2019", segundo acordo da Mesa de Contratación de data 11 de xullo de 2019.

Tendo en conta que a próxima Xunta de Goberno Local ordinaria se celebra o próximo martes día 23 de xullo de 2019, e que o prazo con que conta a empresa "Galicia Vella de Inversiones Y Logística, S.L.", proposta como adxudicataria do contrato de Producción e contratación artística do XXVIII Festival "Rock in Cambre 2019" para a presentación da documentación previa á adxudicación é o lunes 22 de xullo, sendo preciso que a empresa recupere con anterioridade a garantía anterior, para poder solicitar a nova garantía definitiva para o contrato actual.

Visto que, por Resolución de Alcaldía núm. 1324/2019, do 1 de xullo, deleguei as miñas competencias como órgano de contratación na Xunta de Goberno Local, con excepción das delegadas mediante Resolución da Alcaldía nº 1323/2019 na concelleira-delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos.

Tendo en conta o establecido no artigo 57.1 do Regulamento Orgánico Municipal, e o artigo 10 da Ley 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, respecto da posibilidade de avocación dun ou varios asuntos cuxa resolución corresponda por delegación a outro órgano, avocación que deberá realizarse mediante acordo motivado que se notificará aos interesados.

Tendo en conta o principio xeral de eficacia que debe rexer na actuación das administracións públicas, así como os principios de celeridade e simplificación administrativa na ordenación dos procedementos administrativos (artigo 3 da Lei 40/2015, artigos 71 e 72 da Lei 39/2015 e artigo 147 do Real decreto 2568/1986), e tendo en conta a urxencia na devolución da garantía depositada pola entidade, "Galicia Vella de Inversiones y Logística, S.L.", no expediente número

2018/C004/000008, avoco as competencias delegadas por esta Alcaldía na Xunta de Goberno Local por Resolución núm. 1324/2019, do 1 de xullo, e en aplicación do artigo 10 da Lei 40/2015, de réxime xurídico do sector público, **RESOLVO:**

**Primeiro:** Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade, "Galicia Vella de Inversiones y Logística, S.L.", no expediente número 2018/C004/000008

**Segundo:** Notificar o presente acordo á entidade interesada, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

**Terceiro :** Notificar aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos.

**Cuarto :** De conformidade co establecido no artigo 51 do Regulamento Orgánico Municipal respecto das formalidades para a modificación posterior das delegacións, se dea conta á Xunta de Goberno Local na primeira sesión ordinaria que teña, así como ao Pleno Municipal e se publique no Boletín Oficial da Provincia."

En uso das atribucións que me fóron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Esta Concellería propón a ratificación pola Xunta de Goberno Local da Resolución da Alcaldía nº 1454/2019 de data do 17 de xullo de 2019."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seis concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

**5º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local**

Os presentes danse por enterados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditas dende o día 5 ao 18 de xullo do ano que andamos, que comeza coa resolución da Alcaldía número 1368/2019 e remata coa resolución da Alcaldía número 1480/2019, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
1368/2019	05-07-2019	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 5.332,59 euros
1369/2019	05-07-2019	Transporte metropolitano de Galicia programa de mellora da oferta (simu): liquidación achegas 2018 e achega 2019
1370/2019	05-07-2019	Aprobación lista admitidos mes de xuño 2019 escolas de actividade física e saúde
1371/2019	05-07-2019	Avocación de competencias do quinto tenente de alcalde don Daniel Mallo Castro, dende o día 5 ao 14 de xullo de 2019, ambos os dous incluídos
1372/2019	05-07-2019	Delegación de funcións da Alcaldía do 9 ao 14 de xullo, ambos os dous incluídos, no primeiro tenente de alcalde don Juan González Leirós
1373/2019	05-07-2019	Permiso para a ocupación de 13 m <sup>2</sup> da vía pública cunha terraza de maio a setembro de 2019 fronte ao local Martipan do Temple, sito na rúa Tapia, O Temple
1374/2019	05-07-2019	Expediente de reposición da legalidade urbanística por existencia de ruidos procedentes da actividade do local sito en rúa Pígara, O Temple. Propiedade: Panadería Pastelería C S.C.
1375/2019	05-07-2019	Conceder o permiso para a ocupación de 33 m <sup>2</sup> da vía pública cunha terraza durante o mes de xuño fronte ao Tropical coffee pub sito no Paseo Marítimo, O Temple
1376/2019	05-07-2019	Conceder o permiso para a ocupación de 13 m <sup>2</sup> da vía pública cunha terraza durante os meses de xuño, xullo e agosto de 2019 fronte á xamonería O Murci sita na rúa Polígono, O Temple. Solicitante: AMF
1377/2019	08-07-2019	Aprobación de certificación de obra correspondentes á obra "Mellora da seguridade viaria en Sobreguexe (Cecebre) e renovación da pavimentación en Castrillón (Pravio)" incluída no PAS + 2015, e de certificacións correspondentes a obra "Saneamento en C/Gándara desde o nº 1 ao nº 4 - Pravio", así como aprobación de facturas, por importe total de 79.083,35 euros
1378/2019	08-07-2019	Aprobación de facturas e recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 118.578,78 euros
1379/2019	08-07-2019	Facturas con reparos
1380/2019	08-07-2019	Contrato menor para cambiar redutora de presión na escola infantil da Barcala





CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

1381/2019	08-07-2019	Aprobación do gasto e do desenvolvemento da campaña de prevención do acoso sexual en grandes eventos ano 2019
1382/2019	08-07-2019	Reposición legalidade urbanística por realización de actividade de hostelería sen licenza no Pazo de Brexo, Brexo, Cambre por CJ, S.L.
1383/2019	08-07-2019	Aprobación das liquidacións de 2018 polas escolas infantís da Barcala e do Temple, curso 2017/2018, salvo primeira de 2018 do Temple
1384/2019	08-07-2019	Determinación dos membros da Corporación que desempeñarán as súas funcións en réxime de dedicación exclusiva e parcial
1385/2019	09-07-2019	Aprobación lista de admitidos Programa de actividades xuvenís Mocearte 2019: Masterclass STENCIL CON NIN9
1386/2019	09-07-2019	Aprobación de despesas e recoñecemento e liquidación de cadansúas obrigas por importe de 418,53 euros
1387/2019	09-07-2019	Aprobación do padrón da taxa de auga e rede de sumidoiros, da prestación patrimonial de carácter público non tributario polo servizo de depuración e do canon da auga do segundo trimestre de 2019
1388/2019	09-07-2019	Saída aquapark Kdadas de verán 2019
1389/2019	09-07-2019	CM : Festival Temple Jazz 2019 : PaulÁlvarez Project
1390/2019	09-07-2019	Exposición "Round about Filloa"
1391/2019	09-07-2019	CM : Festival Temple Jazz 2019 : Memorias técnicas
1392/2019	09-07-2019	CM : Festival Temple Jazz 2019 : Nani García
1393/2019	09-07-2019	CM : Festival Temple Jazz 2019 : Dúo Marcelo_Baldo
1394/2019	09-07-2019	Subministración pilonas flexibles de poliuretano
1395/2019	09-07-2019	Contrato menor festival Temple Jazz 2019: Ejazz
1396/2019	10-07-2019	Comunica colocación de invernadero pegado á parede da súa vivenda sita en Praza de San Marcos, Anceis. Propiedade: MBG
1397/2019	10-07-2019	Aprobación de certificacións de obra correspondentes á obra "Reordenación Parque de la Iglesia e mellora cierre", así como aprobación de facturas, por importe total de 34.572,27 euros
1398/2019	10-07-2019	Nomeamento persoal eventual.
1399/2019	10-07-2019	CM : Festival Temple Jazz 2019 : Tiago_Antón 4TET
1400/2019	10-07-2019	Orde de execución por vertidos de residuos e restos de construción en antiga cementeira La Estrella, sita en Espírito Santo, Cecebre, Cambre. Propiedade: IdelN, S.L.
1401/2019	10-07-2019	Conceder a axuda vale alimentos por importe de 900 euros anuais durante 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: LFD
1402/2019	10-07-2019	Denegar a axuda alimentación por non estar acreditada situación de necesidade. Solicitante: DKV
1403/2019	10-07-2019	Conceder a axuda alimentación a DOC
1404/2019	10-07-2019	Conceder a axuda alimentación a JDN



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

1405/2019	10-07-2019	Denegar a axuda alimentación por esgotarse o período máximo de concesión. Solicitante: IDM
1406/2019	10-07-2019	Subministración de liñas, cadros eléctricos temporais e restantes elementos para proporcionar enerxía e iluminación aos distintos espazos de celebración da romaría galaico-romana Galaicoi
1407/2019	11-07-2019	Denegar a axuda material escolar de por non cumprir o requisito de levar tres meses empadroadada. Solicitud: BDCCS
1408/2019	11-07-2019	Conceder a de axuda de farmacia por importe de 103,80 euros. Solicitante: RLC
1409/2019	11-07-2019	Conceder a axuda emerxencia social farmacia por importe de 31,60 euros. Solicitante: NILG
1410/2019	11-07-2019	Axuda de emerxencia social vale alimentos. Solicitante: MDMCB
1411/2019	11-07-2019	Solicitud número vivenda no lugar de Picardos, Anceis
1412/2019	11-07-2019	Licenza de primeira ocupación para vivenda unifamiliar na rúa Sixto. Propiedade de AOF
1413/2019	12-07-2019	Aceptación resolución Consellería de Cultura e Turismo, do 21 de xuño de 2019 pola que se dá publicidade ás axudas concedidas ao abeiro da Orde do 15 de marzo de 2019... actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas... LER CONTA MOITO 2019
1414/2019	12-07-2019	Contrato menor para a saída ó Aquapark de Cerceda
1415/2019	12-07-2019	Convocatoria da sesión extraordinaria e urxente da Xunta de Goberno Local do día 12 de xullo de 2019
1416/2019	12-07-2019	Solicitud de subvención destinadas ao fomento da contratación de mulleres que sofren violencia de xénero no ámbito de colaboración coas entidades locais galegas.
1417/2019	12-07-2019	Expedientes sancionadores de tráfico
1418/2019	12-07-2019	Expedientes sancionadores de tráfico
1419/2019	12-07-2019	Aprobación de estruturas móbiles para o Temple Jazz 2019
1420/2019	15-07-2019	Cobro da 2ª quenda dos campamentos verán 2019
1421/2019	15-07-2019	Subministración de dúas marquesiñas
1422/2019	15-07-2019	Fixación de día e hora de celebración das sesións ordinarias conxuntas das comisións informativas permanentes
1423/2019	15-07-2019	Limpeza e desatasco da rede de saneamento municipal de augas pluviais con maquinaria de alta presión
1424/2019	15-07-2019	Determinación da presidencia efectiva das Comisións Informativas
1425/2019	15-07-2019	Instalación de xogos no parque infantil do Souto
1426/2019	15-07-2019	Aprobación da actividade e do gasto do proceso participativo "Decidámolo Xuntos 2019"
1427/2019	15-07-2019	Cobro da primeira quenda dos campamentos urbanos de verán 2019
1428/2019	15-07-2019	Convocatoria da sesión ordinaria das Comisións Informativas do día 18 de xullo de 2019



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

1429/2019	15-07-2019	Alta no servizo de Axuda no fogar GQS
1430/2019	15-07-2019	Alta no servizo de axuda no fogar BBG
1431/2019	15-07-2019	Alta no servizo de axuda no fogar MTAM
1432/2019	15-07-2019	Alta no servizo de axuda no fogar FFL
1433/2019	16-07-2019	Recoñecemento extraxudicial de créditos num. 24A correspondente a facturas con reparos por importe total de 118.246,50 euros
1434/2019	16-07-2019	Aprobación de liquidacións do prezo público polo Programa de actividades xuvenís mes de xuño 2019
1435/2019	16-07-2019	Contrato menor para mercar camisetas para os participantes do campamento de verán da omix
1436/2019	16-07-2019	Aprobación da liquidación da liquidación do IVE do segundo trimestre de 2019 e o seu pagamento.
1437/2019	16-07-2019	Liquidación provisional a UFD, SA., da taxa polo aproveitamento especial do subsolo, solo e voo das vías públicas municipais a favor de empresas explotadoras de servizos de subministración de interese xeral do exercicio 2015
1438/2019	16-07-2019	CM : Axenda de Verán : Concerto da Coral Amistade no Festival de Corais
1439/2019	16-07-2019	Expedientes sancionadores de tráfico
1440/2019	17-07-2019	Avocación de competencias do quinto tenente de alcalde Daniel Mallo Castro do 17 ao 28 de xullo de 2019, ambos os dous incluídos e do 30 de xullo ao 6 de agosto de 2019, ambos os dous incluídos
1441/2019	17-07-2019	Reposición legalidade urbanística por construción de peche destinado a galiñeiro, sen gardar distancia á finca sita en Anceis, Cambre. Propiedade: MBG
1442/2019	17-07-2019	Reposición legalidade urbanística por realización de actividade de compra-venda de vehículos sen comunicación previa de actividade presentada en nave sita en rúa Nobel, polígono industrial. de Espírito Santo, Cecebre. Propiedade: SS/PC 11, S.L.
1443/2019	17-07-2019	Reposición legalidade urbanística por construción de peche que corta un paso de servidume en finca sita en Anceis, Cambre. Propiedad: CSV
1444/2019	17-07-2019	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita na praza de San Marcos, Anceis. Propiedade: Ede TG
1445/2019	17-07-2019	Solicitud acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Leiras, Cecebre con abundante maleza a menos de 50 metros dunha edificación. Propiedade: Herdeiros de EDS
1446/2019	17-07-2019	Reposición legalidade urbanística por realización de actividade de acopio de materiais de construción e entullo en fincas sitas en Fontaiña, Bribes. Propiedade: MRSB, MSP, MPle VMSP



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

1447/2019	17-07-2019	Reposición legalidade urbanística por obras realizadas en finca sita en Anceis consistentes en obras de peche, construción de galpón, estacionamento de autocaravana e cría de cabalos. Propiedade: CSV
1448/2019	17-07-2019	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela sita en Leiras, Cecebre con abundante maleza con altura superior ao metro e existencia de piñeiros e eucaliptos a menos de 50 m dunha edificación. Propiedade: AMM
1449/2019	17-07-2019	Solicitude acondicionamento camiños e fincas por estado de parcela colidante á sita no Cobelo, Pravio. Propiedade: Herdeiros de DPN
1450/2019	17-07-2019	Reposición legalidade urbanística por construción de peche en finca sita en Praza de San Marcos, Anceis sen comunicación previa presentada. Propiedade: JVC
1451/2019	17-07-2019	Expediente sancionador por construción de peche en finca sita en Praza de San Marcos, Anceis sen comunicación previa presentada. Propiedade: JVC
1452/2019	17-07-2019	Expediente sancionador por utilización de vado sen licenza en edificación sita en Samosteiro, 3-B, Cambre. Propiedade: JASV
1453/2019	17-07-2019	Aprobación lista de admitidos para o Aquapark
1454/2019	17-07-2019	Devolución da garantía definitiva, por importe de 5.300,00 euros, á entidade "Galicia Vella de Inversiones y Logística, S.L.", depositada mediante aval bancario para garantir a "Producción e contratación artística do XXVII Festival "Rock in Cambre 2018".
1455/2019	17-07-2019	Aprobación lista de admitidos campamento maiores
1456/2019	17-07-2019	CM Cult Camiño A banda da Loba
1457/2019	17-07-2019	Fixación de día e hora de celebración das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local
1458/2019	17-07-2019	Servizos de recreación histórica da vida cotiá, cultural, política e relixiosa da sociedade romana
1459/2019	17-07-2019	Aprobación gasto transporte mes de agosto "Campamento urbano de verán 2019"
1460/2019	17-07-2019	Corrección de erros RA 1455/2019
1461/2019	17-07-2019	Alta no servizo de axuda no fogar OLM
1462/2019	17-07-2019	Baixa no servizo de axuda no fogar MTB
1463/2019	17-07-2019	Alta no servizo de axuda no fogar DGS
1464/2019	17-07-2019	Alta no servizo de axuda no fogar LAGI
1465/2019	17-07-2019	Baixa no servizo de axuda no fogar BLL
1466/2019	17-07-2019	Alta no servizo de axuda no fogar MLIG
1467/2019	17-07-2019	Aceptación da subvención
1468/2019	17-07-2019	Novas solicitudes para uso dos locais de ensaio musical
1469/2019	18-07-2019	Realización de actividades de recreación castrexa durante a IV



CONCELLO DE  
CAMBRE  
R.E.L. 01150177

		Romaría Galaico - Romana "Galaicoi" do concello de Cambre
1470/2019	18-07-2019	Realización de actividades de recreación histórica de la vida militar romana
1471/2019	18-07-2019	Avocación de competencias da terceira tenente de alcalde dona Elisa Pestonit Barreiros dende o día 29 de xullo ao 14 de agosto de 2019, ambos os dous incluídos
1472/2019	18-07-2019	Reparación estación bombeo Cela
1473/2019	18-07-2019	Subministración e instalación de fan coil no racks do concello
1474/2019	18-07-2019	Asistencia técnica para elaboración de documentación técnica para subvención del Idae
1475/2019	18-07-2019	Expedientes sancionadores de tráfico
1476/2019	18-07-2019	Solicitud numeración edificios en Abeleira a instancia de ASRSSA
1477/2019	18-07-2019	Solicitud de devolución de ingresos indebidos relativa á taxa pola realización de actividades administrativas con motivo da apertura de establecementos, realizada por Soluciones Inmobiliarias P, S.L.
1478/2019	18-07-2019	CM para a contratación dun estudo sobre a mocidade de Cambre
1479/2019	18-07-2019	Aprobación da xustificación e proposta de recoñecemento e liquidación de obrigas así como de pago das subvencións municipais a entidades veciñais sen fin de lucro para actividades en centros escolares correspondentes ao ano 2017. Educación.
1480/2019	18-07-2019	Aprobación da xustificación e proposta de pago das subvencións municipais a entidades veciñais sen fin de lucro para actividades/investmentos/transportes deportivos correspondentes ao ano 2017

## 6º. Informes doutros asuntos de área

Non se utilizou este punto da orde do día

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e quince minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria

Maria Luisa de la Red Ampudia